

Protocolo de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal), para a promoción do emprego de persoas con discapacidade a través da economía social e o mercado protexido

R E U N I D O S

Dunha banda, o **Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira**, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Doutra, **D. José Antonio Vázquez Freire** (DNI nº 32429722K), presidente da Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal) (CIF nº G15616287), nomeado pola Xunta Directiva, en exercicio das súas competencias, de acordo co establecido no artigo 15 dos seus estatutos en data 9 de maio de 2017.

Ambas as partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar este PROTOCOLO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos

E X P O Ñ E N :

Primeiro. O Parlamento de Galicia está comprometido coa integración das persoas con discapacidade e persoas en situación de risco de exclusión social, en todos os planos da vida pública e cultural, así como no acceso ao ámbito laboral. Para dar cumprimento a este compromiso quere seguir contribuíndo a facilitar, na medida das súas posibilidades, a promoción e consolidación de todas as medidas viables e dos medios que sexan necesarios e eficaces para consegui-lo.

Segundo. A Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (en adiante, Cegasal) é unha organización empresarial sen ánimo de lucro multisectorial constituída ao abeiro da Lei 19/1977, do 1 de abril, de dereito de asociación sindical, e da Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social, do Real decreto lexislativo 1/2013, do

29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e demais disposicións legais de aplicación, de ámbito autonómico, que integra os centros especiais de emprego sen ánimo de lucro rexistrados no Rexistro administrativo galego de centros especiais de emprego como fórmula do emprego protexido de economía social.

Constituída como entidade sen ánimo de lucro, responde a principios democráticos e da economía social, así como a criterios de responsabilidade social, comprometida coa sociedade e coas persoas con discapacidade, proactiva na mobilización de actores e recursos en beneficio dos intereses xerais dos centros especiais de emprego de iniciativa social e a creación de emprego de persoas con discapacidade en Galicia.

Terceiro. É vontade de ambas as institucións, dentro das súas competencias, colaboraren na promoción do emprego das persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia, realizando actuacións de cara a acadar este obxectivo, a través da contratación pública e o compromiso cara a este grupo social e, en xeral, en beneficio de toda a sociedade, sen detrimento do exercicio das actividades que, na actualidade ou no futuro, poidan realizar de xeito independente cada unha das partes asinantes.

De acordo co indicado, as partes asinantes formalizan este PROTOCOLO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e fins do protocolo

Este protocolo ten por obxecto establecer o marco de colaboración para a acción coordinada entre as partes asinantes, coa finalidade de facilitar a promoción do emprego das persoas con discapacidade e do emprego protexido a través dos centros especiais de emprego de iniciativa social.

Segunda. Compromisos das partes

O Parlamento de Galicia e Cegasal, en coherencia coas súas respectivas funcións e no marco deste protocolo, prestaranxe colaboración mutua de intercambio de información e colaboracións nas actuacións que realicen no eido do emprego das persoas con discapacidade que favorezan o emprego e a actividade deste grupo social, en igualdade de oportunidades e non-discriminación, establecendo como obxectivos e prioridades as seguintes:

- Impulsar unha contratación pública responsable baixo o prisma do crecemento intelixente, sustentable e inclusivo conforme as previsións da Estratexia Europa 2020, a Convención internacional dos dereitos das persoas con discapacidade e o resto da normativa de aplicación.
- Impulsar e axilizar na medida do posible, no seu ámbito competencial e no marco do establecido na Lei de contratos do sector público, a reserva de contratos públicos para centros especiais de emprego, que permita fortalecer os centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, como ferramentas esenciais das políticas activas de emprego para as persoas con discapacidade.
- Promover desde Cegasal fórmulas axeitadas para sistematizar a información e asesoramento relacionados co contorno laboral do grupo social de persoas con discapacidade, ofrecendo un maior coñecemento sobre a contratación e a adopción de medidas de responsabilidade social empresarial de cara a alcanzar os obxectivos e prioridades recollidas na cláusula segunda.
- E potenciar o coñecemento sobre os servizos e actividades que realizan os centros especiais de emprego sen ánimo de lucro asociados a Cegasal, a fin de contribuír ao papel que desenvolven na xeración e emprego das persoas con discapacidade.

Terceira. Financiamento

A sinatura deste protocolo non comporta ningunha obriga económica. De ser o caso, determinarase nos correspondentes convenios de colaboración que se deriven deste protocolo.

Cuarta. Difusión da colaboración das partes

A sinatura deste protocolo supón o consentimento expreso de ambas as partes para faceren públicos, a través dos diarios oficiais que procedan e das respectivas páxinas web, os datos referidos ao seu contido, de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Quinta. Comisión de seguimiento

Co obxecto de optimizar e valorar os resultados deste protocolo de colaboración, constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por dous representantes do Parlamento de Galicia, un dos cales a presidirá, e por dous representantes de Cegasal, un dos cales será o presidente ou persoa na que delegue.

A dita comisión coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cuntas dúbihdas puideren xurdir na súa execución. Poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do protocolo.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- A elaboración do informe previo á resolución por incumprimento.
- A facultade de supervisión da execución e a adopción das decisións e ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das accións acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste protocolo.

Sexta. Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución

Este protocolo de colaboración producirá efectos a partir da data da súa sinatura e terá un período de vixencia dun ano, prorrogable por períodos sucesivos anuais ata un máximo de catro anos, mediante acordo expreso das partes ao remate de cada período, agás que se resolva por algunha das causas seguintes

- a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- b) Denuncia feita por calquera das partes, con tres meses de antelación.
- c) Incumprimento grave de calquera das partes dos acordos do protocolo.

Así mesmo, as partes poderán modificar os termos deste protocolo de acordo mutuo.

Sétima. Natureza xurídica

Este protocolo de colaboración ten natureza administrativa, está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e rexerase polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do derecho administrativo.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puider xurdir no desenvolvemento deste protocolo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no cumprimento do presente protocolo de colaboración e que non poidan ser dirimidas pola comisión de seguimento creada para tal efecto, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

Oitava. Protección de datos de carácter persoal

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que, de existiren no eido deste protocolo datos de carácter persoal, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. As partes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na devandita lei.


Novena. Transparencia e bo governo

A sinatura deste protocolo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que o Parlamento de Galicia poida fazer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo.

En proba de conformidade co contido e finalidade, as partes que interveñen asinan por triplicado este protocolo de colaboración en Santiago de Compostela o 18 de xuño de 2018.



Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia
PRESIDENTE



José Antonio Vázquez Freire
Presidente da Asociación Empresarial
Galega de Centros Especiais de
Emprego sen Ánimo de Lucro
(Cegasal)